6. Dereitos e deberes do alumnado participante.

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp, aprobado por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de febreiro de 2009 (DOG número 30, do 12 de febreiro).

7. Financiamento da actividade.

Esta actividade é cofinanciada nun 80% polo Fondo Social Europeo dentro do Programa Operativo Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, no eixe 3, tema prioritario 72.

8. Modificacións e incidencias.

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 3 de setembro de 2010.

José Carlos García Bouzas
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

## AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*Resolución do 20 de agosto de 2010 pola que se amplía o prazo de execución e xustificación dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados no marco da Resolución do 15 de decembro de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, e se anuncia a convocatoria 2010, e se incrementa a dotación orzamentaria aprobada inicialmente.*

Por Resolución do 15 de decembro de 2009 apróbanse as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia e anúnciase a convocatoria para o ano 2010 (DOG nº 250, do 24 de decembro). Posteriormente, e por Resolución do 17 de febreiro de 2010 (DOG nº 35, do 22 de febreiro), amplióuse o prazo de presentación de solicitudes ata o 24 de marzo de 2010. O prazo para resolver o procedemento é de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das solicitudes.

A epígrafe terceira da citada resolución establece como prazo límite para a execución e xustificación dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados o 30 de novembro de 2010.

Dado o volume de proxectos presentados e a complexidade de moitos deles, a dificultade de acadar financiamento complementario para afrontar a total execución e posterior viabilidade dos proxectos como consecuencia da actual conxuntura de crise económica, así como a necesidade de obter todos os permisos e licenzas administrativas para a súa correcta xustificación (coa dilación que este trámite comporta en numerosas ocasións, por causas alleas á vontade do promotor) resulta necesario ampliar o prazo de execución e xustificación dos investimentos, co fin de asegurar que se cumpren os obxectivos que determinaron o outorgamento das correspondentes subvencións.

Por outra banda, a epígrafe 3 da Resolución do 15 de decembro de 2009 prevé a posibilidade de incrementar o crédito máximo inicialmente establecido na convocatoria por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, sen que este incremento supoña a ampliación do prazo de presentación de solicitudes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, resulta que o número das presentadas supera o de calquera convocatoria tramitada anteriormente, e que esta espertou unhas expectativas e intereses nos promotores que, atendida a situación de crise económico-financeira, resulta conveniente atender, no marco obxectivo xeral de dinamización do territorio rural galego e promoción e consolidación do tecido produtivo no ámbito rural.

Ante as ditas circunstancias, e no exercicio das competencias atribuídas polo acordo do Consello de Dirección da Agader, do 21 de xuño de 2007,

*RESOLVO:*

1. Modificar o prazo para a execución e xustificación dos investimentos dos gastos vinculados aos proxectos subvencionados no marco da Resolución do 15 de decembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia e se anuncia a convocatoria para o ano 2010, ata o 30 de xuño de 2011, de acordo coas seguintes prescricións:

-En 30 de novembro de 2010 deberá estar executado e xustificado o 30% dos gastos correspondentes a cada proxecto.

-Para os proxectos cun investimento aprobado inferior a 30.000 €, así como para aqueles subvencionados no marco da terceira epígrafe da liña C) da medida IV (Novos retos; proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables), mantense a data do 30 de novembro de 2010 como data límite para a execución e xustificación final dos gastos vinculados aos ditos proxectos.

2. Incrementar a dotación orzamentaria prevista na Resolución do 15 de decembro de 2009 en 8.384.000 € con cargo ao exercicio orzamentario de 2011, de xeito que o total do crédito vinculado á convocatoria importa 12.000.000 €.

A dotación distribuirase do seguinte modo, por anualidades e medidas:

| Medidas | Anualidade 2010<br>Anualidade 2011 | Importe total (€) | Aplicación orzamentaria |
|---|---|---|---|
| I. Diversificación cara a actividades non agrarias | 142.560,00<br>457,440,00 | 600.000 | 02/31/10 656800 |
| II. Creación e desenvolvemento de microempresas | 1.059.220,80<br>3.398.779,20 | 4.458.000 | 02/31/ 20 656800 |
| III. Fomento de actividades turísticas | 342.144,00<br>1.097.856,00 | 1.440.000 | 02/31/30 656800 |
| IV. Servizos básicos para a economía e a poboación rural | 926.534,74<br>2.973.022,26 | 3.899.557 | 02/32/10 656800 |
| IV. Novos retos. Enerxías renovables | 1.002.443,00<br>0,00 | 1.002.443 | 02/32/11 656800 |
| V. Conservación e mellora do patrimonio rural | 142.560,00<br>457.440,00 | 600.000 | 02/32/30 656800 |
| Total | 3.615.462,54<br>8.384.537,46 | 12.000.000 | |

3. As modificacións anteriores non comportan a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

*Disposición adicional*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou recurso contencioso-administrativo, ante o órgano xurisdicional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2010

Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

## ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 3 de setembro de 2010 pola que se convocan unhas Xornadas sobre dereito social e administración pública.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2010, e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse unhas Xornadas sobre dereito social e administración pública conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Analizar en detalle todas as cuestións relativas á reforma da Seguridade Social e ao dereito do traballo, así como á reestruturación da Administración pública central, autonómica, local e institucional no campo do emprego público, das relacións laborais, da acción social, asistencia social e réximes complementarios da Seguridade Social. Avaliar as máis recentes reformas do dereito social.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

-Os deberes dos empregados públicos no seu estatuto básico.

-A mobilidade xeográfica e funcional do persoal laboral ao servizo das administracións públicas.

-A participación e representación dos empregados públicos.

-A readmisión obrigatoria do empregado público improcedentemente despedido.

-A igualdade de mulleres e homes na Administración pública: un estudo comparado dos dereitos español e alemán.

-Os dereitos dos cidadáns en relación coa actuación das administracións públicas.

-Os puntos críticos do mal chamado procedemento de oficio. Especial referencia aos procesos cualificatorios.

-A reforma da Seguridade Social.

-A reforma do réxime sanitario.

-A conciliación da vida laboral e familiar do persoal ao servizo das administracións públicas.

3. Destinatarios.

Persoal das diferentes administracións públicas, Administración autonómica e local, axentes sindicais, persoal investigador, letrados da Xunta de Galicia, letrados do Consello Consultivo de Galicia, letrados da Seguridade Social, do Consello de Estado, avogados do Estado, maxistrados e xuíces, inspectores de traballo, graduados sociais, inspectores médicos, avogados, procuradores, directores de asesorías e servizos xurídicos de entidades e empresas e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP); r/ Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Datas: 24 e 25 de setembro de 2010.

Horario: de mañá e tarde.

Duración: 12 horas lectivas.